

**Disposición derradeira primeira. Competencia estatal.**

Esta Lei orgánica dítase en exercicio das competencias atribuídas ao Estado en materia de lexislación procesual polo artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 5 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

(Esta lei orgánica publícase tendo en conta a corrección de erros publicada no BOE núm. 141, do 14 de xuño de 2006.)

**9958 LEI 17/2006, do 5 de xuño, da radio e a televisión de titularidade estatal. («BOE» 134, do 6-6-2006.)**

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Constitución, no seu artigo 20, garante valores de pluralismo, veracidade e accesibilidade co fin de contribuir á formación dunha opinión pública informada, e prevé a regulación por lei da organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado.

A actividade dos medios de comunicación de titularidade pública débese rexer por un criterio de servizo público, o cal delimita a súa organización e financiamento, os controis a que quedan suxeitos, así como os contidos das súas emisións e as garantías do dereito de acceso.

O fin da presente lei é, por unha parte, dotar a radio e a televisión de titularidade estatal dun réxime xurídico que garanta a súa independencia, neutralidade e obxectividade e que estableza estruturas organizativas e un modelo de financiamento que lles permita cumprir a súa tarefa de servizo público con eficacia, calidade e recoñecemento público. Por outra, reforza a intervención do Parlamento e prevé a supervisión da súa actividade por unha autoridade audiovisual independente.

A lei recolle as principais propostas do informe elaborado polo Consello para a reforma dos medios de comunicación de titularidade do Estado creado polo Real decreto 744/2004, do 23 de abril. Asume a necesidade dunha reforma, para elevar as exixencias de neutralidade, transparencia e calidade; superar unha regulación insuficiente e anticuada; e establecer un mecanismo de financiamento estable e sustentado para adecuarse aos principios comunitarios de proporcionalidade e transparencia na xestión do servizo público de radio e televisión, evitando un proceso de financiamento de déficits correntes mediante o recurso ao endebedamento.

A reforma resulta inevitable nun contexto de desenvolvemento tecnolóxico, a aparición de novos operadores públicos autonómicos e privados, a difusión destes servi-

zos mediante o satélite e o cable, a súa coexistencia cos servizos da Sociedade da Información e a evolución cara a sistemas de transmisión dixital.

A lei desenvolve os seguintes principios básicos inspirados nas propostas do informe do Consello para a reforma dos medios de comunicación de titularidade do Estado.

En primeiro lugar, mantén a titularidade pública da radio e a televisión estatais.

En segundo lugar, reforza e garante a súa independencia, mediante un estatuto e órganos de control adecuados. Esta última tarefa confíase ás Cortes Xerais e a un organismo supervisor que se configura como autoridade independente que actúa con autonomía respecto das administracións públicas.

En terceiro lugar, confirma o seu carácter de servizo público, co obxectivo de conciliar a rendibilidade social que debe inspirar a súa actividade coa necesidade de dirixirse á máis ampla audiencia na súa programación, atendendo, así mesmo, a fins sociais, educativos e integridades.

En cuarto lugar, establece un sistema que garanta unha xestión económica ordenada e viable, baseada nun financiamento mixto, cunha subvención pública dentro dos límites marcados polas normas e os criterios de transparencia e proporcionalidade que establece a Unión Europea e uns ingresos derivados da súa actividade comercial suxeitos a principios de mercado. Así mesmo, establécese a posibilidade de incorporar regras adicionais sobre as limitacións de emisións publicitarias ás previstas para os operadores privados de televisión, que se concretarán nos contratos programa.

A lei define a función do servizo público estatal de televisión e radio, cunha programación de calidade e o fomento da produción española e europea, que incorpora a oferta de servizos conexos e interactivos. Encomenda esta función á Corporación RTVE e ás súas sociedades filiais encargadas da prestación directa do servizo público.

A lei prevé outras garantías de independencia para os profesionais dos medios públicos, como o Consello de Informativos, órgano de participación dos profesionais para asegurar a neutralidade e a obxectividade dos contidos informativos. Así mesmo, establece un Consello Aesor que encamiñe a participación dos grupos sociais significativos.

A lei crea a Corporación RTVE, unha sociedade mercantil estatal dotada de especial autonomía, suxeita no esencial á lexislación reguladora das sociedades anónimas e cuxo capital social será integramente estatal. A Corporación dispón de dúas sociedades filiais mercantís encargadas da prestación directa do servizo público: a Sociedade Mercantil Estatal Televisión Española, no ámbito dos servizos de televisión, conexos e interactivos; e a Sociedade Mercantil Estatal Radio Nacional de España, no ámbito dos servizos de radio, conexos e interactivos.

A organización da Corporación réxese pola regulación societaria e as especialidades que recolle esta lei. Os seus bens e dereitos serán en todo caso de dominio privado ou patrimoniais e o seu persoal rexeráse por relacións laborais, comúns ou especiais, suxeitas aos dereitos e deberes contidos no Estatuto dos traballadores.

A súa xestión corresponde a un Consello de Administración integrado por doce membros de designación parlamentaria: catro polo Senado e oito polo Congreso, dos cales dous serán propostos polas centrais sindicais máis representativas a nivel estatal e con representación na Corporación e nas súas sociedades. Os membros do Consello de Administración deberán contar con suficiente cualificación e experiencia para un desempeño profesional das súas responsabilidades; o seu mandato será de seis anos, salvo na súa primeira formación, con renovacións trienais por metades; quedan sometidos ao réxime mercantil, con determinadas especialidades que detalla esta lei; e a regras especiais de responsabilidade, comprendida a posibilidade

do cesamento do Consello en caso de xestión económica gravemente prexudicial para a Corporación.

Así mesmo, o Congreso, de entre os conselleiros designados, designará o presidente da Corporación e do Consello de Administración, o cal desempeñará a súa dirección executiva ordinaria, actuando conforme os criterios, obxectivos xerais ou instrucións que estableza o referido Consello.

A lei establece os principios que deben rexer a produción e programación dos seus contidos, comprendida a garantía do dereito de acceso dos grupos sociais e políticos significativos.

Para o cumprimento da misión de servizo público establécense os seguintes instrumentos: un mandato marco que aprobarán as Cortes concretando os obxectivos xerais desa función de servizo público, cunha vixencia de nove anos; un contrato programa trienal, que subscribirán o Goberno e a Corporación RTVE, en que fixarán os obxectivos específicos que se deben desenvolver no exercicio da función de servizo público e os medios orzamentarios para atender esas necesidades, co informe previo da autoridade audiovisual e unha vez informadas as Cortes Xerais; un sistema de contabilidade analítica, que garanta a transparencia financeira e permita determinar o custo neto das obrigas de servizo público impostas; e un control económico-financieiro a cargo da Intervención Xeral da Administración do Estado e do Tribunal de Contas.

O contrato programa, en particular, determinará as achegas anuais con cargo aos orzamento xerais do Estado para cada exercicio; o modo de adaptar os obxectivos acordados ás variacións do medio económico; os efectos derivados de posibles incumprimentos; e o control da súa execución e dos resultados derivados da súa aplicación.

Por último, para preservar a continuidade do servizo público estatal de radio e televisión, a lei establece un réxime transitorio até a disolución do Ente Público RTVE e a entrada en funcionamento da Corporación RTVE e das súas sociedades prestadoras do servizo público de radio e televisión.

## TÍTULO I

### Principios xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto regular o servizo público de radio e de televisión de titularidade do Estado e establecer o réxime xurídico das entidades a que se encomenda a prestación deses servizos públicos.

#### Artigo 2. *Servizo público de radio e televisión do Estado.*

1. O servizo público de radio e televisión de titularidade do Estado é un servizo esencial para a comunidade e a cohesión das sociedades democráticas que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto de canles de radio e televisión con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, cubrindo todos os xéneros e destinadas a satisfacer necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade española; difundir a súa identidade e diversidade culturais; impulsar a sociedade da información; promover o pluralismo, a participación e os demais valores constitucionais, garantindo o acceso dos grupos sociais e políticos significativos.

2. A función de servizo público comprende a produción de contidos e a edición e difusión de canles xeneralistas e temáticas, en aberto ou codificadas, no ámbito nacional e internacional, así como a oferta de servizos conexas ou interactivos, orientados aos fins mencionados no número anterior.

3. Os seus servizos de difusión de radio e televisión terán por obxectivo alcanzar unha cobertura universal, entendendo por tal a maior cobertura posible dentro do territorio nacional.

#### Artigo 3. *Encomenda do servizo público de radio e televisión.*

1. Atribúese á «Corporación de Radio e Televisión Española, S.A.», Corporación RTVE, a xestión do servizo público de radio e televisión nos termos que se definen nesta lei, para ser exercido directamente polas sociedades filiais da Corporación prestadoras dos servizos de radio e televisión.

2. No exercicio da súa función de servizo público, a Corporación RTVE deberá:

a) Promover o coñecemento e difusión dos principios constitucionais e os valores cívicos.

b) Garantir a información obxectiva, veraz e plural, que se deberá axustar plenamente ao criterio de independencia profesional e ao pluralismo político, social e ideolóxico presente na nosa sociedade, ben como á norma de distinguir e separar, de forma perceptible, a información da opinión.

c) Facilitar o debate democrático e a libre expresión de opinións.

d) Promover a participación democrática mediante o exercicio do dereito de acceso.

e) Promover a cohesión territorial, a pluralidade e a diversidade lingüística e cultural de España.

f) Impulsar o intercambio da información e o coñecemento mutuo entre os cidadáns dos Estados membros da Unión Europea como espazo común de convivencia.

g) Editar e difundir canles radiofónicas e de televisión de cobertura internacional que coadruen á proxección cara ao exterior das linguas e culturas españolas e á adecuada atención aos cidadáns españois residentes ou desprazados no estranxeiro.

h) Ofrecer acceso aos distintos xéneros de programación e aos acontecementos institucionais, sociais, culturais e deportivos, dirixidos a todos os sectores da audiencia, prestando atención a aqueles temas de especial interese público.

i) Promover a difusión e coñecemento das producións culturais españolas, particularmente as audiovisuais.

j) Apoiar a integración social das minorías e atender grupos sociais con necesidades específicas.

k) Fomentar a protección e salvagarda da igualdade entre home e muller, evitando toda discriminación entre eles.

l) Promover o coñecemento das artes, a ciencia, a historia e a cultura.

m) Difundir o coñecemento dos dereitos dos consumidores e usuarios, así como desenvolver procedementos que garantan o dereito de réplica.

n) Fomentar a produción de contidos audiovisuais europeos e en linguas orixinais españolas e promover a creación dixital e multimedia, como contribución ao desenvolvemento das industrias culturais españolas e europeas.

o) Velar pola conservación dos arquivos históricos audiovisuais.

p) Ter por obxectivo atender a máis ampla audiencia, asegurando a máxima continuidade e cobertura xeográfica e social, co compromiso de ofrecer calidade, diversidade, innovación e exixencia ética.

q) Promoción dos valores da paz.

r) A promoción do coñecemento, a salvagarda e o respecto dos valores ecolóxicos e de protección do ambiente.

s) Preservar os dereitos dos menores.

3. Forma parte da función de servizo público de radio e televisión contribuir ao desenvolvemento da Sociedade

da Información. Para isto participarán no progreso tecnolóxico, utilizando as diferentes tecnoloxías e vías de difusión, e desenvolverán novos servizos conexas ou interactivos, susceptibles de enriquecer ou completar a súa oferta de programación, e de achegar as diferentes administracións públicas aos cidadáns. Igualmente, promoveranse medidas que eviten calquera forma de discriminación por causa de discapacidade.

4. O conxunto das producións e emisións de radio e televisión efectuadas polas sociedades prestadoras do servizo público da Corporación RTVE deberán cumprir coas obrigas integradas na función de servizo público definida nesta lei.

5. A Corporación disporá dos medios para a integración do seu servizo dentro dos plans de emerxencia e catástrofes que sexan establecidos polos diferentes ámbitos territoriais.

#### Artigo 4. *Mandato marco á Corporación RTVE.*

As Cortes Xerais aprobarán mandatos marco á Corporación RTVE nos cales se concretarán os obxectivos xerais da función de servizo público que ten encomendados. Os mandatos marco terán unha vixencia de nove anos.

Os obxectivos aprobados no mandato marco serán desenvolvidos cada tres anos nos contratos programa acordados polo Goberno coa Corporación RTVE.

## TÍTULO II

### A Corporación de Radio e Televisión Española

#### CAPÍTULO I

##### Natureza e réxime xurídico

#### Artigo 5. *Natureza xurídica.*

1. A Corporación de Radio e Televisión Española é unha sociedade mercantil estatal con especial autonomía, prevista no número 3 da disposición adicional décimo segunda da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, dotada de personalidade xurídica e plena capacidade.

2. A Corporación RTVE terá a forma de sociedade anónima, cuxo capital social será de titularidade integramente estatal.

3. A Corporación RTVE gozará de autonomía na súa xestión e actuará con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración xeral do Estado.

#### Artigo 6. *Réxime xurídico.*

1. A Corporación RTVE rexerá en primeiro lugar por esta lei e os seus estatutos sociais; en segundo lugar pola lexislación audiovisual e polas normas reguladoras das sociedades mercantís estatais no que lle sexa de aplicación, e, en defecto da anterior normativa, pola lexislación mercantil.

2. Os estatutos sociais da Corporación RTVE axustaranse ao disposto nesta lei; no seu defecto, á lexislación especial que lle sexa aplicable, e, na falta de normas especiais, á lexislación mercantil. Os estatutos sociais da Corporación RTVE e as súas modificacións serán aprobados pola súa xunta xeral de accionistas despois do acordo favorable do Consello de Ministros e inscribíranse no Rexistro Mercantil.

3. As funcións que se atribúen á Corporación RTVE entenderanse sen prexuízo das atribuídas nesta lei ao Goberno, ás Cortes Xerais ou á autoridade audiovisual e das que en período electoral desempeña a Administración electoral.

#### Artigo 7. *Estrutura da Corporación RTVE.*

1. A Corporación RTVE exercerá a función de servizo público a través das seguintes sociedades mercantís:

Sociedade Mercantil Estatal Televisión Española, no ámbito dos servizos de televisión, conexas e interactivos.

Sociedade Mercantil Estatal Radio Nacional de España, no ámbito dos servizos de radio, conexas e interactivos.

A Corporación RTVE será titular da totalidade das accións da Sociedade Mercantil Estatal Televisión Española e da Sociedade Mercantil Estatal Radio Nacional de España.

2. Así mesmo, a Corporación RTVE poderá constituír ou participar no capital de toda clase de entidades que adopten a forma de sociedade mercantil e cuxo obxecto social estea vinculado coas actividades e funcións daquela, incluídas as de servizo público. A adquisición ou perda da participación maioritaria, directa ou indirecta, da Corporación RTVE no capital social desas sociedades requirirá a autorización previa do Consello de Ministros.

3. A Corporación RTVE incluírá no seu obxecto social, alén das actividades necesarias para o exercicio das súas funcións de servizo público, calquera outra relacionada coa radiodifusión e, entre elas, as de formación e investigación audiovisual.

As sociedades previstas no número 1 deste artigo incluírán nos seus obxectos sociais respectivos, entre outras, as tarefas de comercialización publicitaria e dos seus produtos ou servizos.

4. A Corporación RTVE contará coa estrutura territorial necesaria para atender a adecuada prestación das súas funcións de servizo público, prover de contidos rexionalizados a realidade estatal, contribuír ao desenvolvemento da cohesión interterritorial, atendendo o feito insular e as condicións de rexións ultraperiféricas.

As desconexións faranse na lingua propia das CC.AA.

5. A Corporación RTVE e as súas sociedades prestadoras de servizo público non poderán ceder a terceiros a produción e edición dos programas informativos e daqueles que expresamente determine o mandato marco.

A Corporación RTVE impulsará a produción propia da súa programación de forma que esta abrangua a maioría dos programas difundidos nas cadeas xeneralistas.

6. A Corporación RTVE poderá crear fundacións para coadjuvar ás actividades relacionadas co seu obxecto social, ben como coas funcións de servizo público encomendadas.

#### Artigo 8. *Cooperación.*

Para a mellor consecución das funcións de servizo público encomendadas, a Corporación RTVE poderá celebrar convenios de colaboración con outras entidades de servizo público de radio, de televisión e de noticias. Así mesmo, poderá subscribir convenios ou outros acordos coas administracións públicas e os seus organismos e con outras entidades nacionais ou internacionais.

## CAPÍTULO II

### Organización da Corporación RTVE

#### Artigo 9. *Órganos da Corporación.*

1. A organización da Corporación RTVE rexerá de conformidade co disposto na lexislación mercantil para as sociedades anónimas, coas especialidades establecidas nesta lei.

2. A administración e goberno da Corporación RTVE corresponderá ao Consello de Administración, que desenvolverá as súas funcións de dirección executiva ordinaria a través do seu presidente, que presidirá a Corporación RTVE.

3. Para o mellor cumprimento das funcións públicas encomendadas, a Corporación RTVE constituirá un Consello Asesor e Consellos de Informativos. Así mesmo, o Consello de Administración poderá crear outros órganos de participación ou asesoramento que se coiden necesarios, de acordo co establecido nesta lei e nos seus estatutos.

#### SECCIÓN I. CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

##### Artigo 10. *Composición.*

1. O Consello de Administración da Corporación RTVE estará composto por doce membros, todos eles persoas físicas con suficiente cualificación e experiencia profesional, procurando a paridade entre homes e mulleres na súa composición.

2. Os acordos do Consello de Administración adoptaranse por maioría dos seus membros, salvo nos supostos en que sexa exixida maioría cualificada por esta lei ou polos estatutos sociais.

##### Artigo 11. *Elección.*

1. Os membros do Consello de Administración serán elixidos polas Cortes Xerais, a razón de oito polo Congreso dos Deputados e catro polo Senado, de entre persoas de recoñecida cualificación e experiencia profesional.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, dous dos membros do Consello que elixa o Congreso serano por proposta dos dous sindicatos máis representativos a nivel estatal con implantación na Corporación RTVE e as súas sociedades.

3. Os candidatos propostos, incluíndo os previstos no número anterior, deberán comparecer previamente en audiencia pública no Congreso e no Senado, na forma que regulamentariamente se determine, co fin de que ambas as cámaras se poidan informar da súa idoneidade para o cargo. A súa elección requirirá unha maioría de dous terzos da cámara correspondente.

4. O Congreso dos Deputados designará, de entre os doce conselleiros electos, o que desempeñará o cargo de presidente da Corporación RTVE e do Consello. Tal designación requirirá unha maioría de dous terzos da cámara.

5. Non serán elixibles como membros do Consello de Administración da Corporación RTVE os cesados nos supostos previstos no artigo 13 desta lei.

##### Artigo 12. *Mandato.*

1. O mandato dos conselleiros será de seis anos contados desde o seu nomeamento. Este mandato non será renovable. Esgotado o mandato, os conselleiros saíntes continuarán nas súas funcións até o nomeamento dos novos.

2. As vacantes que se produzan deberán ser cubertas polas cámaras, por proposta dos grupos parlamentarios ou dos sindicatos máis representativos, segundo corresponda.

3. O Consello de Administración renovarase parcialmente por metades, cada tres anos, por cotas iguais en razón da orixe da súa proposta.

##### Artigo 13. *Cesamento.*

1. Os conselleiros cesarán no seu cargo por:

- a) Renuncia expresa notificada de maneira que faga fe á Corporación RTVE.
- b) Expiración do termo do seu mandato.
- c) Separación aprobada polo Congreso dos Deputados por maioría de dous terzos, por proposta do Consello de Administración, por causa de incapacidade permanente para o exercicio do cargo, condena firme por calquera

delito doloso, incompatibilidade sobrevida, ou por acordo motivado. A formulación da proposta polo Consello de Administración requirirá unha maioría de dous terzos dos seus membros e exixirá a instrución previa dun expediente.

d) Decisión do Congreso dos Deputados por maioría de dous terzos dos seus membros.

2. Todos os membros do Consello de Administración cesarán no caso de:

a) Que conorra causa de redución obrigatoria do capital social por perdas, de conformidade co establecido no Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas.

b) Que como consecuencia de perdas quede reducido o patrimonio a unha cantidade inferior á metade do capital social.

c) Que da liquidación do orzamento anual da corporación RTVE se constate a concorrencia das seguintes circunstancias:

i. Un empeoramento do resultado orzado cunha desviación igual ou superior ao 10% da compensación aprobada pola prestación do servizo público.

ii. A existencia dunha desviación orzamentaria por exceso igual ou superior ao 10 % das cifras aprobadas para o total das dotacións tanto do orzamento de explotación como do orzamento de capital, excluídos do cómputo do primeiro os impostos e os resultados, e do segundo a variación do capital circulante.

Nos supostos de cesamento do Consello de Administración previstos neste número, a xunta xeral de accionistas designará un administrador único que se fará cargo da xestión ordinaria da Corporación RTVE até o momento da constitución dun novo Consello de Administración elixido polas Cortes Xerais.

##### Artigo 14. *Cualificación e experiencia profesional.*

Para os efectos do previsto no artigo 10, presumirase que posúen cualificación e experiencia profesional suficiente para o desempeño do cargo de conselleiro as persoas con formación superior ou de recoñecida competencia que desempeñasen durante un prazo non inferior a cinco anos funcións de administración, alta dirección, control ou asesoramento, ou funcións de similar responsabilidade, en entidades públicas ou privadas ou de relevantes méritos no ámbito da comunicación, experiencia profesional, docente ou investigadora.

##### Artigo 15. *Estatuto persoal dos membros do Consello de Administración.*

1. Os membros do Consello de Administración terán dedicación exclusiva e estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral do Estado, así como ao establecido na lexislación mercantil para os administradores, sendo en todo caso incompatibles co mandato parlamentario.

2. Os membros do Consello de Administración non poderán ter intereses directos ou indirectos nas empresas audiovisuais, discográficas, de cine, de vídeo, de prensa, de publicidade, de informática, de telecomunicacións, de servizos da sociedade da información ou calquera outro tipo de entidades relacionadas co fornecemento, dotación de material ou programas á Corporación RTVE e ás súas filiais. En todo caso os deberes de lealdade establecidos na lexislación de sociedades mercantís para os administradores estenderanse respecto ás anteriores empresas.

3. Os membros do Consello de Administración terán a condición de contadantes para os efectos previstos na lexislación do Tribunal de Contas.

4. Os membros do Consello de Administración percibirán as retribucións fixadas polo ministro de Economía e Facenda, de acordo co procedemento legalmente establecido para os altos cargos de entidades con independencia funcional.

5. Os membros do Consello de Administración exercerán o seu cargo con suxeición aos deberes de dilixente administración, fidelidade, lealdade, segredo e responsabilidade establecidos na lexislación mercantil. Así mesmo, axustarán a súa actuación aos principios de legalidade, obxectividade e bo goberno.

6. No exercicio das súas funcións os conselleiros actuarán con absoluta independencia, sen que poidan recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación imperativa do Goberno nin da Administración xeral do Estado ou outras institucións ou entidades.

#### Artigo 16. *Competencias e funcións.*

1. O Consello de Administración da Corporación RTVE constituirase en Xunta xeral universal das sociedades prestadoras do servizo público cando for necesaria a intervención dese órgano en cada unha delas e poderá exercer todas as competencias que a Lei de sociedades anónimas atribúe a ese órgano social. A administración das sociedades prestadoras corresponderalle a un administrador único designado pola xunta xeral de cada sociedade.

2. O Consello de Administración da Corporación RTVE será o responsable do cumprimento dos obxectivos xerais fixados á Corporación, do cumprimento dos principios de programación que se establezan para ela e da boa administración e goberno da Corporación.

3. Os estatutos sociais da Corporación RTVE desenvolverán o funcionamento interno do Consello de Administración e as facultades que esta lei lle atribúe ao seu presidente.

O Consello de Administración non poderá delegar con carácter permanente ningunha das súas facultades.

4. O Consello de Administración da Corporación RTVE terá entre as súas competencias as seguintes:

a) A representación e administración da Corporación RTVE e a dirección estratéxica do seu grupo empresarial.

b) Nomear e cesar o equipo directivo de primeiro nivel da Corporación RTVE e autorizar o nomeamento do das sociedades filiais, por proposta do presidente da Corporación.

c) Aprobar a organización básica da Corporación RTVE e as súas modificacións.

d) Supervisar o labor da dirección da Corporación RTVE e das súas sociedades filiais, incluíndo o labor dos seus administradores únicos.

e) Cumprir e facer cumprir os acordos e resolucións da autoridade audiovisual.

f) Fixar as directrices xerais de actuación da Corporación RTVE no cumprimento das súas funcións e desenvolver os principios básicos en materia de produción, así como a publicidade e programación e produción na radio e televisión estatais.

g) Aprobar as directrices básicas en materia de persoal.

h) Conferir e revogar poderes.

i) Promover, se for o caso, ante a xunta de accionistas o exercicio da acción social de responsabilidade contra os administradores, así como sobre a súa transacción e renuncia. Para estes efectos convocará a xunta xeral de accionistas para que autorice con carácter previo o seu exercicio. En todo caso, este acordo non implicará por si só a destitución do administrador.

j) Aprobar o regulamento interno e demais normas de funcionamento do propio Consello de Administración por maioría de dous terzos e aprobar os procedementos internos de funcionamento da Corporación RTVE e autorizar os das súas filiais.

k) Aprobar aqueles contratos, convenios, acordos ou negocios xurídicos que o propio Consello de Administración determine que deben ser da súa competencia en razón da súa contía ou importancia. O resto dos contratos, convenios, acordos ou negocios xurídicos da Corporación RTVE serán aprobados polo presidente. Para efectos da súa celebración e sinatura, o Consello de Administración outorgará os apoderamentos necesarios.

l) Aprobar o informe anual sobre a xestión da Corporación RTVE e as súas filiais e sobre o cumprimento das misións de servizo público encomendadas, subscribir o contrato programa co Goberno e as demais obrigas de carácter económico-financieiro asumidas pola Corporación RTVE en razón do seu carácter público.

m) Formular as contas anuais do exercicio e propor a aplicación de resultados.

n) Aprobar o proxecto dos orzamentos anuais de explotación e capital da Corporación RTVE e os das sociedades participadas, directa ou indirectamente, de forma maioritaria, así como formular o programa de actuación plurianual da Corporación RTVE e das sociedades antes citadas nos termos establecidos na Lei xeral orzamentaria.

o) Determinar o procedemento interno aplicable pola Corporación RTVE e as súas sociedades prestadoras do servizo público para o exercicio do dereito de acceso recoñecido no artigo 20.3 da Constitución.

p) Aprobar calquera informe que a Corporación RTVE deba elevar ás Cortes Xerais, á autoridade audiovisual e, se for o caso, ao Goberno.

q) Aprobar a creación, composición e funcións dos órganos destinados a garantir o control interno e a independencia profesional dos servizos informativos, ben como a participación da sociedade civil para aqueles aspectos relacionados coa prestación do servizo público radiotelevisivo.

r) Propor o cesamento dun conselleiro ao Congreso dos Deputados nos casos previstos no artigo 13.1.c) desta lei.

#### Artigo 17. *O presidente do Consello de Administración e da Corporación RTVE.*

1. O Consello de Administración da Corporación nomeará como presidente o conselleiro designado para tal cargo polo Congreso dos Deputados de conformidade co disposto no artigo 11.4.

Sen prexuízo das especialidades que se establezan, seralle aplicable ao presidente o estatuto persoal previsto nesta lei para os conselleiros. O cesamento do presidente rexerese polo disposto no artigo 13.

2. O presidente do Consello de Administración asumirá a representación institucional do Consello e da Corporación RTVE, alén das atribucións que lle confiran a presente lei e os estatutos sociais.

3. O presidente convocará as reunións do Consello de Administración de conformidade co previsto nos estatutos sociais e terá voto dirimente en caso de empate.

#### Artigo 18. *O secretario do Consello de Administración.*

1. O Consello de Administración terá un secretario non conselleiro, licenciado en dereito, que actuará con voz, pero sen voto.

2. A designación e o cesamento do secretario corresponderá ao Consello de Administración, así como a súa substitución temporal en supostos de vacante, ausencia ou doenza, de conformidade co previsto nos estatutos sociais.

3. O secretario terá as funcións que lle asignen os estatutos sociais e, en todo caso, as de levantar acta das reunións do Consello de Administración, certificar os seus acordos e asesorar o Consello en dereito.

## SECCIÓN II. FUNCIONS DO PRESIDENTE DA CORPORACIÓN RTVE

Artigo 19. *Carácter executivo das súas funcións.*

O presidente exercerá con carácter permanente as funcións de administración e representación que lle confiren a presente lei e os estatutos sociais da Corporación RTVE e actuará nelas baixo a vixilancia do Consello de Administración.

Artigo 20. *Competencia e funcións.*

1. O presidente desempeñará a dirección executiva ordinaria da Corporación RTVE, que exercerá conforme os criterios, obxectivos xerais ou instrucións que estableza o Consello de Administración. Así mesmo, exercerá a representación legal da Corporación RTVE para a realización de cantos actos sexan necesarios no desempeño desa dirección executiva ordinaria, podendo celebrar con terceiros no marco das súas atribucións cantos actos, contratos e negocios xurídicos sexan necesarios para a realización do obxecto social e a conclusión dos obxectivos xerais da Corporación.

2. Sen prexuízo do anterior, o presidente da Corporación RTVE terá entre as súas competencias as seguintes:

- a) Executar e facer cumprir os acordos do Consello de Administración.
- b) Preparar a formulación das contas anuais de cada exercicio económico de conformidade coa lexislación mercantil.
- c) Elaborar o anteproxecto de orzamento de explotación e capital da Corporación RTVE.
- d) Elaborar o informe anual sobre a xestión da Corporación RTVE e as súas filiais e sobre o cumprimento das misións de servizo público encomendadas, o contrato programa co Estado e as demais obrigas de carácter económico-financieiro previstas no artigo 129.3 da Lei xeral orzamentaria asumidas pola Corporación RTVE en razón do seu carácter público.
- e) Executar as directrices xerais de actuación da Corporación RTVE aprobadas polo Consello de Administración, así como executar os principios que este órgano aprobe sobre produción, publicidade e programación na radio e televisión estatais.
- f) Aprobar e celebrar os actos, contratos e negocios xurídicos nas materias e contías que acorde o Consello de Administración.
- g) Propor ao Consello de Administración a aprobación da organización básica da Corporación RTVE e das súas sociedades filiais.
- h) Propor ao Consello de Administración o nomeamento e cesamento da dirección de primeiro nivel da Corporación RTVE.
- i) Dirixir e coordinar as actividades dos órganos directivos da Corporación RTVE de conformidade coas directrices do Consello.
- j) Propor ao Consello de Administración o nomeamento e cesamento, en xunta xeral, de administradores das sociedades filiais.
- k) A xefatura superior do persoal e dos servizos da Corporación RTVE baixo as directrices básicas que nesta materia estableza o Consello de Administración.
- l) Será o responsable dos ficheiros automatizados da Corporación RTVE e velará polo cumprimento da lexislación de protección dos datos persoais.

Artigo 21. *Da delegación doutras funcións e competencias.*

O Consello de Administración poderá delegar de modo permanente no presidente calquera outra función do Consello de Administración, o que requirirá a maioría de dous terzos dos seus compoñentes. Serán indelegables as com-

petencias sinaladas nas alíneas b), m), n), o), q) e r) do artigo 16.4.

Artigo 22. *Prohibición de ser nomeado administrador único despois de cesamento forzoso.*

Non poderá ser nomeado como administrador único no caso previsto no artigo 13.2 desta lei o presidente que deba cesar no cargo como consecuencia de concorrer calquera das causas de cesamento forzoso previstas nel.

## SECCIÓN III. OUTROS ÓRGANOS

Artigo 23. *O Consello Asesor.*

1. O Consello Asesor é o órgano de participación da sociedade na Corporación RTVE.

2. O Consello Asesor estará composto por un total de quince membros, designados da seguinte forma:

- a) Tres conselleiros polo Consello Económico e Social.
- b) Dous conselleiros polo Consello de Consumidores e Usuarios.
- c) Un conselleiro polo Ministerio de Asuntos Exteriores.
- d) Un conselleiro polo Consello da Xuventude de España.
- e) Un conselleiro polo Instituto da Muller.
- f) Un conselleiro polas entidades representativas das persoas con discapacidade.
- g) Un conselleiro polo Consello Xeral da Emigración.
- h) Un conselleiro pola Academia das Artes e as Ciencias Televisivas.
- i) Un conselleiro pola Academia das Artes Cinematográficas.
- j) Un conselleiro designado polo Consello de Coordinación Universitaria entre expertos do mundo académico en materias de Ciencias Sociais e Comunicación.
- k) Un conselleiro designado polas entidades representativas dos anunciantes.
- l) Un conselleiro polas entidades representativas de periodistas de ámbito estatal.

3. Son competencias do Consello Asesor as seguintes:

- a) Asesorar o Consello de Administración da Corporación RTVE nas orientacións xerais da programación.
- b) Informar sobre os criterios e normas que garantan o dereito de acceso dos grupos sociais significativos en función da súa relevancia social, representatividade e ámbito de actuación.
- c) Informar sobre a proposta dos contratos programa co Estado e das liñas de programación, ben como no establecemento das normas de admisión de publicidade.
- d) Informar, por petición do Consello de Administración, sobre calquera asunto que se someta á súa consideración.

4. O Consello Asesor será convocado polo Consello de Administración, polo menos cada tres meses, así como cando sexa preceptivo o seu pronunciamento.

5. A condición de membro do Consello Asesor non exixirá dedicación exclusiva nin dará dereito a remuneración.

Artigo 24. *Os Consellos de Informativos.*

1. Os Consellos de Informativos son os órganos internos de participación dos profesionais da información da Corporación RTVE para velar pola súa independencia e a obxectividade e veracidade dos contidos informativos difundidos polas sociedades prestadoras do servizo público correspondente.

## 2. Son funcións dos Consellos de Informativos:

- a) Velar pola independencia dos profesionais da información ante a dirección de cada sociedade.
- b) Promover a independencia editorial da Corporación RTVE, de acordo co previsto na lexislación xeral audiovisual e nesta lei no referido ás súas funcións de servizo público.
- c) Informar sobre a liña editorial e a programación informativa, ben como participar na elaboración dos libros de estilo.
- d) Emitir informe con carácter non vinculante sobre as propostas de nomeamento dos directores dos servizos informativos das sociedades da Corporación RTVE prestadoras do servizo público de radio e televisión.

3. As normas de organización e funcionamento dos Consellos de Informativos serán aprobadas, de acordo cos profesionais da información da Corporación RTVE, polo Consello de Administración.

## CAPÍTULO III

### Prestación do servizo público radiotelevisivo e programación

#### Artigo 25. *Principios de produción e programación.*

1. A produción e programación da Corporación RTVE e as súas sociedades deberase axustar ao cumprimento das súas funcións de servizo público.

2. O contrato programa, de acordo coas liñas estratégicas do mandato marco, establecerá os obxectivos e obrigas específicas que deben cumprir as diferentes canles de radio e televisión, e servizos conexos e interactivos, ben como as súas programacións.

3. A programación do servizo público encomendado á Corporación RTVE deberá atender especialmente aos colectivos sociais que requiran unha atención específica ás súas necesidades e demandas, como a infancia e a mocidade. Esta tarefa de servizo público débese estender a cuestións de relevancia para a maioría da poboación ou para determinados colectivos, a un tempo que se evitará calquera forma de discriminación por causa de discapacidade.

#### Artigo 26. *Programación en procesos electorais.*

Durante os procesos electorais será de aplicación a lexislación electoral. O órgano de comunicación coa Administración electoral será o Consello de Administración da Corporación RTVE a través do seu presidente.

#### Artigo 27. *Declaracións e comunicacións oficiais de interese público.*

O Goberno poderá facer que se programen e difundan declaracións ou comunicacións oficiais de interese público, con indicación da súa orixe.

#### Artigo 28. *Pluralismo e dereito de acceso.*

1. A Corporación RTVE asegurará na súa programación a expresión da pluralidade social, ideolóxica, política e cultural da sociedade española.

2. O dereito de acceso a través da Corporación RTVE aplicarase:

- a) De maneira global, mediante a participación dos grupos sociais e políticos significativos, como fontes e portadores de información e opinión, no conxunto da programación de RTVE.
- b) De maneira directa, mediante espazos específicos na radio e na televisión con formatos diversos, tempos e

horarios fixados polo Consello de Administración da Corporación, oído o Consello Asesor, e conforme o establecido na lexislación xeral audiovisual.

3. As sociedades da Corporación prestadoras do servizo público de radio e televisión garantirán a dispoñibilidade dos medios técnicos e humanos necesarios para a realización dos espazos para o exercicio do dereito de acceso.

4. O Consello de Administración da Corporación RTVE aprobará as directrices para o exercicio do dereito de acceso, precedendo informe favorable da autoridade audiovisual.

## CAPÍTULO IV

### Réxime económico

#### Artigo 29. *Patrimonio.*

1. A Corporación RTVE e as sociedades prestadoras do servizo público terán un patrimonio propio. Os bens e dereitos da Corporación RTVE e das sociedades prestadoras do servizo público serán en todo caso de dominio privado ou patrimoniais.

2. A xestión, administración, explotación e disposición dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Corporación RTVE e o das sociedades prestadoras do servizo público rexeráse polo disposto nesta lei sobre el e, na súa falta, polo ordenamento privado.

#### Artigo 30. *Principios e réxime de contratación.*

1. A Corporación RTVE, ben como as sociedades en que participe maioritariamente, directa ou indirectamente, no seu capital social, axustarán a súa actividade contractual aos principios de publicidade e concorrência, salvo que a natureza da operación que se vaia realizar sexa incompatible con eses principios.

2. Sen prexuízo do anterior, a actividade contractual da Corporación RTVE e a das sociedades prestadoras do servizo público rexeráse polo ordenamento xurídico privado.

3. Os servizos prestados, se for o caso, pola Corporación RTVE ás súas sociedades filiais prestadoras estarán remunerados de forma adecuada segundo criterios de mercado, e a Corporación RTVE debe establecer contas separadas para tal efecto.

#### Artigo 31. *Recurso ao endebedamento.*

A Corporación RTVE, as súas sociedades prestadoras do servizo público e calquera outra sociedade en que posúan, directa ou indirectamente, a maioría do capital social só poderán recorrer ao endebedamento para o financiamento dos seus investimentos en inmovilizado material e inmaterial e para atender desfases temporais de tesouraría.

Os límites de tal endebedamento quedarán fixados, para cada exercicio, nos correspondentes contratos programa.

#### Artigo 32. *Contrato programa co Estado.*

1. O contrato programa será suscrito polo Goberno e a Corporación RTVE e determinará polo menos os seguintes extremos:

- a) Os obxectivos específicos que desenvolverá a Corporación no exercicio da función de servizo público encomendada polo Estado para un período de tres anos.
- b) As achegas con cargo aos orzamentos xerais do Estado destinadas á prestación do servizo público de radio e televisión.

c) Os medios que se empregarán para adaptar os obxectivos acordados ás variacións do medio económico, garantindo sempre o cumprimento do mandato marco.

d) Os efectos que deben derivar do incumprimento dos compromisos acordados.

e) O control da execución do contrato programa e dos resultados derivados da súa aplicación.

2. O contrato programa deberá incorporar restricións adicionais ás establecidas con carácter xeral na Lei 25/1994, do 12 de xullo, para a emisión de publicidade televisiva.

3. A autoridade audiovisual deberá emitir un informe ao Goberno sobre o proxecto de contrato programa, en relación con todas aquelas cuestións relativas ao seu ámbito de competencia.

4. As Cortes Xerais deberán ser informadas polo Goberno, de forma previa á súa aprobación, sobre o contido do contrato programa. Así mesmo, deberán ser informadas da súa execución e resultados anualmente.

#### Artigo 33. *Compensación por servizo público.*

As compensacións polo cumprimento das obrigas de servizo público consignaranse nos orzamentos xerais do Estado de maneira diferenciada para cada unha das sociedades prestadoras do servizo público. Estas compensacións terán carácter anual e non poderán superar o custo neto do servizo público prestado no correspondente exercicio orzamentario. Para estes efectos, considérase custo neto a diferenza entre os custos totais de cada sociedade prestadora de servizo público e os seus outros ingresos distintos das compensacións.

Se ao feche dun exercicio se constata que a compensación supera o custo neto en que se incorreu en tal período, o montante en exceso minorarase da compensación orzada para o exercicio seguinte a aquel en que se produciuse tal exceso.

#### Artigo 34. *Orzamentos.*

1. A Corporación RTVE e cada unha das sociedades participadas, directa ou indirectamente, de forma maioritaria elaborará un orzamento de explotación que detallará os recursos e dotacións anuais correspondentes. Así mesmo, formarán un orzamento de capital co mesmo detalle. Os orzamentos de explotación e de capital da Corporación RTVE e cada unha das sociedades participadas, directa ou indirectamente, de forma maioritaria integraranse nos orzamentos xerais do Estado.

2. Os orzamentos de explotación e de capital da Corporación RTVE e cada unha das sociedades participadas, directa ou indirectamente, de forma maioritaria estarán constituídos por unha previsión da conta de resultados e do cadro de financiamento do correspondente exercicio. Como anexo a eses orzamentos xuntarase unha previsión do balance da entidade, ben como a documentación complementaria que determine o Ministerio de Economía e Facenda.

3. A Corporación RTVE e cada unha das sociedades participadas, directa ou indirectamente, de forma maioritaria remitirán os estados financeiros sinalados no número anterior, referidos, alén de ao exercicio relativo ao proxecto de orzamentos xerais do Estado, á liquidación do último exercicio fechado e ao avance da liquidación do exercicio corrente.

4. Xunto cos orzamentos de explotación e de capital, a Corporación RTVE e cada unha das sociedades participadas, directa ou indirectamente, de forma maioritaria remitirán unha memoria explicativa do seu contido, da execución do exercicio anterior e da previsión da execución do exercicio corrente.

5. O orzamento da Corporación RTVE e das sociedades en que posúa, directa ou indirectamente, a maioría do capital social, axustaranse ao previsto para as sociedades

mercantís estatais na Lei xeral orzamentaria sen prexuízo das singularidades previstas nesta lei.

6. O réxime de variacións orzamentarias da Corporación RTVE e as súas sociedades e cada unha das sociedades participadas, directa ou indirectamente, de forma maioritaria filiais, axustaranse ao establecido na Lei xeral orzamentaria.

#### Artigo 35. *Programa de actuación plurianual.*

1. A Corporación RTVE e as sociedades en que posúa, directa ou indirectamente, a maioría do capital social formularán, así mesmo, anualmente os seus correspondentes programas de actuación plurianual.

2. O programa de actuación plurianual estará integrado polos estados financeiros e documentación exixida pola Lei xeral orzamentaria e reflectirá os datos económico-financeiros previstos para o exercicio relativo ao proxecto de orzamentos xerais do Estado e aos dous exercicios inmediatamente seguintes, segundo o contrato programa conforme as liñas estratéxicas e obxectivos definidos para a Corporación RTVE e cada unha das sociedades prestadoras do servizo público.

#### Artigo 36. *Orzamento consolidado.*

Sen prexuízo do establecido anteriormente, a Corporación RTVE presentará, ademais, os seus orzamentos de explotación e de capital e os seus programas de actuación plurianual de forma consolidada coas sociedades en que posúa, directa ou indirectamente, a maioría do capital social, de acordo cos procedementos e trámites establecidos pola Lei xeral orzamentaria.

#### Artigo 37. *Contabilidade e auditoría externa.*

1. As contas anuais da Corporación RTVE e as das sociedades en que participe, directa ou indirectamente, de forma maioritaria rexeranse polos principios e normas de contabilidade recollidos no Plan xeral de contabilidade da empresa española, así como nas súas adaptacións e nas disposicións que o desenvolven.

2. As contas anuais da Corporación RTVE e as das sociedades en que participe, directa ou indirectamente, de forma maioritaria deberán ser revisadas por auditores de contas, de acordo co disposto na lexislación mercantil.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado exercerá as funcións de control previstas no título VI da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para as sociedades mercantís estatais. En particular, levará a cabo a revisión do informe anual relativo á xestión da Corporación RTVE e á xestión das sociedades en que participe, directa ou indirectamente, de forma maioritaria, así como dos informes sobre cumprimento das misións de servizo público encomendadas, o contrato programa co Estado e as demais obrigas de carácter económico-financeiro asumidas pola Corporación RTVE en razón do seu carácter público.

4. En todo caso as contas anuais serán formuladas polo Consello de Administración e serán sometidas, xunto coa proposta de distribución dos resultados, á aprobación da xunta xeral de accionistas, de conformidade co previsto na lexislación mercantil. Unha vez aprobadas as contas anuais remitiranse ás Cortes Xerais para o seu coñecemento.

5. A Corporación RTVE e as súas sociedades prestadoras de servizo público deberán levar un sistema de contabilidade analítica que permita presentar contas separadas das actividades de servizo público e do resto das actividades que realicen, con obxecto de determinar o custo neto a que se refire o artigo 33 desta lei.



## CAPÍTULO V

**Réxime de persoal**Artigo 38. *Réxime de persoal.*

1. O presidente da Corporación RTVE estará vinculado coa Corporación RTVE por unha relación mercantil, sen prexuízo das especialidades establecidas nesta lei.

Estará suxeito a unha relación laboral especial aquel persoal directivo da Corporación ou das sociedades prestadoras do servizo público cuxas funcións reúnan os requisitos exixidos polo ordenamento para que o seu contrato sexa cualificado como de alta dirección.

2. Os administradores únicos das sociedades prestadoras do servizo público, ben como o persoal de alta dirección a que se refire o número anterior, estarán suxeitos ao mesmo réxime de incompatibilidades previsto no artigo 15 desta lei para os conselleiros da Corporación RTVE.

## CAPÍTULO VI

**Control externo**Artigo 39. *Control polo Parlamento.*

As Cortes Xerais exercerán o control parlamentario sobre a actuación da Corporación e as súas sociedades, velando especialmente polo cumprimento das funcións de servizo público encomendadas.

Para tal efecto, a Corporación RTVE remitirá con carácter anual ás Cortes Xerais un informe referido á execución do contrato programa e do mandato marco e unha memoria sobre o cumprimento da función de servizo público encomendada, referido ao conxunto das súas actividades, programacións, servizos e emisións.

Artigo 40. *A Corporación RTVE e a autoridade audiovisual.*

1. Corresponde á autoridade audiovisual a supervisión do cumprimento da misión de servizo público de radio e televisión por parte da Corporación RTVE, para o cal poderá adoptar as recomendacións ou resolucións que preveña a súa regulación.

2. A autoridade audiovisual poderá requirir á Corporación RTVE e ás súas sociedades os datos e informes necesarios para o exercicio das súas funcións. A información así obtida será confidencial e non poderá ser utilizada para fins distintos aos propios das súas competencias.

Artigo 41. *Do control polo Tribunal de Contas.*

Corresponde ao Tribunal de Contas o control externo da Corporación RTVE e o das sociedades en que participe, directa ou indirectamente, de forma maioritaria, nos termos establecidos na súa lei orgánica e nas demais leis que regulan a súa competencia.

## CAPÍTULO VII

**Da fusión, escisión e disolución social**Artigo 42. *Operacións de fusión, escisión e extinción.*

As operacións de fusión, escisión ou extinción da Corporación RTVE ou das sociedades prestadoras do servizo público requirirán a autorización previa do Consello de Ministros. Así mesmo, requirirase a autorización previa para a disolución polas causas enumeradas nos números 1, 3, 6 e 7 do artigo 260.1 do Real decreto lexis-

lativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas.

Disposición adicional primeira. *Modificación da disposición adicional décimo segunda da LOFAXE. Corporación RTVE Sociedade Mercantil Estatal para a prestación de servizo público.*

Engádesse un número 3 á disposición adicional décimo segunda da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, coa seguinte redacción:

«3. A Corporación de Radio e Televisión Española, como sociedade anónima estatal dotada de especial autonomía respecto da Administración xeral do Estado, rexeráse en primeiro lugar pola súa lei reguladora e os seus estatutos sociais; en segundo lugar pola súa lexislación sectorial e polas normas reguladoras das sociedades mercantís estatais no que lle sexan de aplicación, e, na falta da anterior normativa, polo ordenamento privado.»

Disposición adicional segunda. *Desafectación do dominio público e atribución do patrimonio adscrito.*

1. Quedan desafectados do dominio público os bens e dereitos que no momento da entrada en vigor desta lei integran o patrimonio propio do Ente Público RTVE e o das sociedades TVE, S.A., e RNE, S.A. Tales bens e dereitos terán a consideración de patrimoniais do Ente Público RTVE ou das sociedades TVE, S.A., ou RNE, S.A., respectivamente.

2. Mediante o acordo do Consello de Ministros que autorice a constitución da Corporación RTVE, quedará desafectado e desadscrito o patrimonio titularidade da Administración xeral do Estado adscrito, no momento de entrada en vigor desta lei, ao Ente Público RTVE e a TVE, S.A., e RNE, S.A.

Nese acordo incluírase unha relación dos bens inmo- bles de titularidade da Administración xeral do Estado que deban permanecer no seu patrimonio. Os bens e dereitos non incluídos nesta relación quedarán incorporados, coa consideración de patrimoniais, ao patrimonio propio do Ente Público RTVE.

Disposición adicional terceira. *Constitución do Consello Asesor e dos consellos de informativos.*

Os consellos previstos na sección terceira do capítulo segundo do título segundo desta lei deberanse crear no prazo de seis meses contados desde a constitución do Consello de Administración da Corporación RTVE.

Disposición adicional cuarta. *Dereito de acceso.*

As directrices previstas no artigo 28 desta lei deberán ser aprobadas polo Consello de Administración da Corporación RTVE no prazo de seis meses contados desde o momento de constitución do Consello de Administración.

Disposición adicional quinta. *Conduta comercial.*

O Consello de Administración da Corporación RTVE adoptará unhas directrices de conduta comercial para esta e para as súas sociedades filiais, que serán públicas, e elevará con carácter anual un informe á autoridade audiovisual sobre o seu cumprimento.

Corresponderá á autoridade audiovisual o control externo do cumprimento das directrices de conduta comercial da Corporación RTVE e das súas sociedades filiais.

Disposición transitoria primeira. *Da constitución e inicio da actividade ordinaria da Corporación RTVE e as sociedades prestadoras do servizo público.*

1. O Goberno procederá á constitución da Corporación RTVE e autorizará a das sociedades prestadoras do servizo público. O capital social inicial determinarase en ambos os casos por acordo do Consello de Ministros. Posteriormente, a Corporación RTVE e as sociedades prestadoras do servizo público iniciarán a súa actividade ordinaria prevista nos seus respectivos obxectos sociais, que terá lugar ao día seguinte do outorgamento da escritura de achega polo Ente Público RTVE e as sociedades TVE, S.A., e RNE, S.A., dos activos e pasivos que se transfiren á mencionada Corporación RTVE e ás súas sociedades. Na conseguinte escritura de aumento de capital social deberanse describir as achegas que non sexan en diñeiro, cos seus datos rexistrados, se existiren, a valoración en euros que se lles atribúa, e as accións asignadas en pagamento. A achega dos activos e pasivos mencionados non requirirá o informe de expertos independentes a que se refire o artigo 38 da Lei de sociedades anónimas. Así mesmo, con ocasión desa achega, o Goberno poderá autorizar a realización das achegas en diñeiro que coide necesarias ao capital social das entidades citadas, para o comezo da súa actividade ordinaria prevista no seu obxecto social.

2. Mentres non comece a actividade ordinaria prevista no obxecto social da Corporación RTVE e das sociedades prestadoras do servizo público, o Ente Público RTVE e as sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A. continuarase a rexer polo previsto na Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, pola que se aproba o Estatuto da Radio e Televisión, e as súas normas de desenvolvemento.

3. O réxime fiscal especial establecido no capítulo VIII do título VII do Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, será aplicable á operación de achega dos activos e pasivos polas sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A. ás novas entidades.

4. Todas as transmisións patrimoniais, operacións societarias e actos derivados, directa ou indirectamente, da aplicación destas disposicións transitorias e mesmo as achegas de fondos ou ampliacións de capital que se executen para a constitución e para o comezo da actividade da Corporación RTVE e as sociedades prestadoras do servizo público, estarán exentos de calquera tributo estatal, autonómico ou local, sen que proceda, neste último caso, a compensación a que se refire o artigo 9.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Igualmente todas as transmisións, operacións e actos antes mencionados gozarán de exención do pagamento de calquera arancel e honorario profesional xerado pola intervención de fedatarios públicos e de rexistradores da propiedade e mercantís.

Disposición transitoria segunda. *Da sucesión legal do Ente RTVE, as sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A.*

1. A Corporación RTVE e as sociedades prestadoras do servizo público sucederán o Ente Público RTVE e as sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A. unicamente nos bens, contratos e, en xeral, dereitos e obrigas obxecto da cesión de activos e pasivos a que se refire a disposición anterior. Con este fin a Corporación RTVE e as sociedades prestadoras do servizo público quedarán subrogadas, respectivamente, na mesma posición xurídica que tiñan as entidades cesionarias respecto dos bens, dereitos e obrigas que sexan obxecto de cesión a cada unha delas.

No suposto de inmobles arrendados, e para os efectos previstos no artigo 32 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, as transferencias que se poidan realizar non se reputarán cesións dos contratos de

arrendamento en vigor, nin os arrendadores terán dereito a ningunha clase de elevación de renda en razón delas.

2. A Corporación RTVE e as sociedades prestadoras do servizo público, respectivamente, subrogaranse na mesma posición xurídica que tiña o Ente Público RTVE e as sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A. nas relacións xurídicas, dereitos e obrigas de natureza laboral, convencional ou extraconvencional, e de seguranza social dos traballadores que se incorporen ás novas entidades. Respetaranse en todo caso a categoría profesional, a antigüidade e os dereitos económicos adquiridos polo persoal mencionado, así como os seus dereitos sociais.

Disposición transitoria terceira. *Da constitución efectiva da Corporación RTVE e as sociedades prestadoras do servizo público e da súa administración provisoria.*

1. A Corporación RTVE constituirase mediante escritura pública que será outorgada no prazo de 10 días desde que o Consello de Ministros aprobe os estatutos sociais da entidade. A escritura deberá ser inscrita no Rexistro Mercantil. Coa inscrición adquirirá a Corporación RTVE a súa personalidade xurídica.

2. A escritura de constitución da Corporación RTVE designará un administrador provisorio único que se encargue da súa administración e representación até o nomeamento como conselleiros das persoas designadas polas Cortes Xerais como membros do Consello de Administración, de conformidade co previsto nos artigos 10 e 11 desta lei. O administrador provisorio único será nomeado pola xunta xeral de accionistas da Corporación RTVE e cesará no seu cargo o día do nomeamento como conselleiros das persoas designadas polas Cortes Xerais, nos termos antes expostos.

3. Corresponderá ao administrador provisorio único a realización de todos os actos e actuacións necesarias para o comezo da actividade ordinaria prevista no obxecto social da Corporación RTVE, así como para a constitución das sociedades prestadoras do servizo público encomendado.

Disposición transitoria cuarta. *Primeiro mandato dos membros do Consello de Administración.*

Non obstante o disposto no artigo 12 desta lei, o primeiro mandato da metade dos conselleiros durará tres anos.

Na primeira sesión do Consello de Administración determinarase por sorteo qué conselleiros cesarán transcorrido o prazo de tres anos desde o seu nomeamento.

Na primeira designación dos conselleiros e do presidente da Corporación RTVE, se, transcorridos dous meses desde a primeira votación en cada cámara, non se alcanzar a maioría que prevén os artigos 11.3 e 11.4, o Congreso poderá designar por maioría absoluta os doce conselleiros e o presidente.

Disposición transitoria quinta. *Da disolución, liquidación e extinción do Ente Público RTVE e das sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A.*

1. Acórdase a disolución do Ente Público RTVE e a das sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A., que se levará a cabo na forma establecida nestas disposicións transitorias.

2. O Ente Público RTVE e as sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A. entrarán en estado de disolución-liquidación o día seguinte ao do outorgamento por esas entidades da escritura de achega dos activos e pasivos que se transfiran á Corporación RTVE e ás súas sociedades prestadoras, Sociedade Mercantil Estatal Televisión Española e Sociedade Mercantil Estatal Radio Nacional de España, respectivamente.

O Ente Público RTVE en liquidación deberá proceder á conclusión ordenada de cantas relacións xurídicas estean pendentes na data de entrar en estado de disolución, así como á liquidación, alleamento e extinción, segundo proceda, dos bens, dereitos e obrigas que integren o patrimonio do ente público.

En todo caso o Goberno deberá prover o ente público en liquidación e as súas sociedades dos fondos e recursos económicos necesarios para que se poida desenvolver de maneira ordenada o mencionado proceso de liquidación patrimonial e cumprir regularmente con todas as obrigas contraídas exixibles.

3. Nesa mesma data quedará suprimido o Consello de Administración do Ente Público RTVE e a súa Dirección Xeral. No seu lugar constituirase un consello de liquidación do ente, integrado por cinco membros que serán nomeados e cesados pola Sociedade Estatal de Participacións Industriais, que asumirá a xestión, dirección e representación do ente público en liquidación. Así mesmo, este consello procederá á disolución e liquidación mercantil das sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A., designando un liquidador para cada unha delas.

4. Durante a súa liquidación e até a súa total extinción o Ente Público RTVE e as sociedades TVE, S.A. e RNE, S.A. conservarán a súa personalidade xurídica.

#### Disposición transitoria sexta.

No prazo de seis meses a partir da constitución da nova Corporación de RTVE, o Consello de Administración deberá elaborar un regulamento do dereito de acceso que estableza as condicións de solicitude, con resposta obrigatoria ás peticións correspondentes.

O Consello Audiovisual emitirá informe sobre a proposta deste regulamento e, unha vez aprobado, sobre o seu cumprimento anual, e actuará tamén como instancia superior en caso de desacordo.

#### Disposición derogatoria única.

1. Derrógase a Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, pola que se aproba o Estatuto da Radio e a Televisión. Non obstante, esta lei seguirá sendo de aplicación para os efectos previstos na Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, e na Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei.

#### Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

O Goberno, por proposta do Ministerio da Presidencia, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**9959** *LEI 18/2006, do 5 de xuño, para a eficacia na Unión Europea das resolucións de embargo e de aseguramento de probas en procedementos penais. («BOE» 134, do 6-6-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A creación do espazo de liberdade, seguranza e xustiza na Unión Europea encontra na cooperación xudicial internacional unha das súas pezas esenciais. Unha importancia que contrasta coas dificultades que se deben superar para a súa consecución, e que derivan das súas implicacións coa soberanía dos Estados, das diferenzas entre os sistemas penais e procesuais dos distintos Estados, as barreiras lingüísticas e a lentitude dos instrumentos tradicionais de cooperación.

Para a superación destes obstáculos a Unión Europea propón un avance definitivo que supere as formas clásicas de cooperación xudicial internacional a través, entre outros, da recuperación do concepto de recoñecemento mutuo de resolucións xudiciais, que se consagrou no Cumio de Tampere como «pedra angular» da cooperación xudicial en materia civil e penal na Unión.

A primeira plasmación deste principio concretouse na Decisión Marco 2002/584/JAI do Consello, do 13 de xuño de 2002, relativa á orde de detención europea e aos procedementos de entrega entre Estados membros que deu lugar á Lei 3/2003, do 14 de marzo, sobre a orde europea de detención e entrega, e á Lei orgánica 2/2003, do 14 de marzo, complementaria da anterior.

O seguinte paso nesta dirección deuse coa aprobación na Unión Europea da Decisión Marco 2003/577/JAI do Consello, do 22 de xullo de 2003, relativa á execución na Unión Europea das resolucións de embargo preventivo de bens e de aseguramento de probas, que se incorpora ao dereito español con esta lei. Un paso ao cal seguirán outros nun prazo previsiblemente breve, que darán forma a unha nova cooperación xudicial en materia penal.

II

O obxecto desta norma é establecer o mecanismo a través do cal se van transmitir por parte das autoridades xudiciais españolas as medidas de embargo de bens ou de aseguramento de probas acordadas en procedementos penais cando os obxectos, datos ou documentos obxecto da medida se encontren noutro Estado membro da Unión Europea. E, igualmente, de que forma as autoridades xudiciais españolas van recoñecer e cumprir tales resolucións cando proveñan dunha autoridade xudicial doutro Estado membro.

Novamente, seguindo as pautas acordadas para a orde europea de detención e entrega, unha das principais novidades da lei é a renuncia á exixencia do control da dobre incriminación para unha serie de infraccións que se establecen na decisión marco, sempre que a pena prevista para eles no Estado de emisión supere o limiar sinalado, e que comprende as «penas privativas de liberdade cuxa duración máxima sexa de polo menos tres anos». Para o resto dos casos prevese o mantemento da exixencia da dobre tipicidade.

Como consecuencia da actuación do principio de recoñecemento mutuo, a decisión da autoridade xudicial de recoñecer e executar a orde acordada pola autoridade xudicial estranxeira é case automática sen necesidade de verificar a súa conformidade co seu ordenamento xurídico